

## MANIFESTO EN APOIO AO XORNAL EGUNKARIA E ÁS PERSOAS PROCESADAS

Nunca debería ter ocorrido, mais en febreiro de 2003 a Audiencia Nacional pecha Egunkaria, o único xornal publicado en lingua vasca, e procede á detención de varios dos seus directivos, en base a un expediente elaborado pola Garda Civil. Varios dos detidos denunciaron ter sufrido torturas durante a súa estancia nas dependencias policiais.

Malia que a fiscalía solicitou o arquivo definitivo do caso, pola falta de consistencia das acusacións formuladas; a Audiencia Nacional, atendendo á acusación popular da AVT e Dignidad y Justicia, decidiu a celebración do xuízo, que terá lugar nas próximas semanas.

Consideramos que o peche do xornal Egunkaria, e o procesamento de parte dos seus directivos, debe ser rexeitado, porque:

- Supón unha negación da liberdade de expresión e un ataque á pluralidade informativa, que todo estado, que se considere democrático, debe respectar e defender.
- Resulta un ataque en toda regra contra o éuscaro e a cultura euskaldun no seu conxunto, así como o dereito das vascas e vascos a desenvolver uns medios de comunicación propios.
- As torturas padecidas por algúns dos procesados son totalmente inadmisíbeis, e súmase á larga cadea de denuncias de malos tratos no estado español, das que incluso se fixo eco o relator de Dereitos Humanos de Nacións Unidas.

Por todo isto facemos un chamamento para denunciar estes feitos, animando á sociedade a mostrar a súa solidariedade coas persoas que van ser xulgadas; e a defender os dereitos democráticos, que se ven seriamente conculcados por este e outros procesos, e cuxo recorte nos afecta a todos e todas.

Convidamos a cantos colectivos e persoas estean interesadas, a adherirse e difundir este manifesto, participando activamente nas campañas e actos que se realizarán para denunciar o recorte de liberdades que este caso representa, e mostrar a solidariedade cos procesados.

¿*Sabías que*  
*no estado español*  
*os poderes públicos*  
*pechan xornais?*

É o caso  
do xornal Egunkaria



- 1.-** O xornal Egunkaria fundouse en 1990, sendo até entón o único xornal publicado integramente en éuscaro. Houbo unha efémera e valerosa experiencia na Guerra Civil co xornal EGUNA, que naquela difícil situación aturou até a toma de Bilbao polos franquistas en xullo de 1937.
- 2.-** Na liña editorial de Egunkaria destacaban valores como independente, plural, progresista, nacional, promotor do éuscaro...
- 3.-** A empresa editora fundouse en 1990 con achegas duns 1.500 accionistas.
- 4.-** En febreiro de 2003 a Audiencia Nacional procedeu ao peche do xornal e detención de 10 persoas (nove directivos, e outra persoa sen vinculación algunha á estrutura do xornal), cinco dos cales denunciaron ter sufrido torturas nos días que permaneceron incomunicados en mans da Garda Civil. Entre todos permaneceron en prisión provisional 30 meses.
- 5.-** Acúsaselles de pertenza a ETA, o que non ten ningunha base nin se sostén en proba algunha.
- 6.-** O fiscal solicitou o arquivo definitivo do caso por falta de probas. Malia iso, e sen que exista acusación privada, a Audiencia Nacional decidiu ir a xuízo, baseándose exclusivamente nunha acusación popular presentada pola AVT e Dignidad e Justicia, que solicitan entre 12 e 14 anos de cárcere para os directivos do Egunkaria.

- 7.-** O xuízo celebrábase en Madrid nas próximas semanas, e posibelmente sexa silenciado polos poderes e algúns medios de comunicación.
- 8.-** O mesmo día do peche os traballadores publicaron un xornal en éuscaro, Egunero, e 4 meses despois naceu o xornal Berria, con 24.040 accionistas e que tomou relevo de Egunkaria en canto á defensa dos valores e cultura vasca.
- 9.-** Desde o peche producíronse numerosos actos de solidariedade en Euskal Herria e en diferentes puntos do estado español, destacando os celebrados en Catalunya, Madrid, Galiza, País Valenciano, Canarias... A repercusión mediática internacional do peche de Egunkaria foi talvez a maior que nunca un caso vasco tivo.
- 10.-** Enfrontámonos a un verdadeiro recorte das liberdades de expresión, a un ataque de pluralidade informativa, ao dereito ao desenvolvemento da cultura e a lingua vasca e un ataque aos dereitos humanos polas torturas sufridas.

*Esta loita aféctanos a tod@s*

**solidarízate**

MÁIS INFORMACIÓN EN:

**www.egunkaria.info/international**

**Egunkaria libre!**